# Un arquivo guardés en movemento

## O proxecto Socheo recopila contido audiovisual sobre a vila nunha iniciativa a custo cero

**M. V. F.** VIGO

O proxecto Socheo naceu na Guarda no ano 2012 e de maneira completamente improvisada. O director Xurxo González, *Chirro*, presentaba daquela o seu documental *Vikingland*, que contaba cunha importante achega de material de arquivo. «Dúas señoras viñeron onda min e me dixeron que elas contaban con material audiovisual en condicións moito mellores que o que eu empregara. E propuxéronme facer outra película», lembra o cineasta.

Chirro desbotou deseguido a idea de facer un novo documental, pero non fixo en absoluto ouvidos xordos ás verbas daquelas mulleres, senón todo o contrario. «Déronme pé a crear este proxecto co obxectivo de poñer en valor material audiovisual descoñecido e de moito interese para A Guarda e tamén para dar a coñecer a nosa vila fóra», comenta.

Así, pouco a pouco, van recopilando documentos moi valiosos e mesmo facendo algún que outro descubrimento. «Cedéronnos gravacións das cámaras que se levaban nos barcos nos anos 80 e 90, o que chamaban as videobitácoras, que non sabiamos que existían». É un material suculento e que serve para «ofrecer outra visión dun oficio que permaneceu durante moito tempo no anonimato».

Co paso do tempo cada vez son máis os veciños que se animan a colaborar «aportando vídeos que eran para uso privado pero que prestan para que se poidan compartir». O proxecto deu así en converterse en asociación cultural cun equipo que leva un control estrito do material, quen o doa e cando ou a que etapa e ámbito pertence, entre outros datos.

Síntense especialmente orgullosos de poder dispoñer de documentos en súper 8 dos anos 70 e 80 que inclúen gravacións feitas desde o Trega —as romarías das Festas do Monte tamén teñen un protagonismo importante, como non podía ser doutro xeito— e tamén de ter recuperado parte do legado do fotógrafo guardés dos anos 30 Joaquín García Portela, que amosan o aspecto que tiña a vila nos tempos da República.

Pero as gravacións que reciben chegan ata o día de hoxe, ata as feitas co teléfono móbil. «É moi interesante facer comparacións, por exemplo co traballo no porto, ver como era daquela e como se fai agora», sinala.


O proxecto xurdiu na estrea dun documental do Xurxo Chirro que usaba manterial de arquivo.

### OS RETOS

O proxecto Socheo (termo mariñeiro) realízase a custo cero e vive do boca a boca e a colaboración cidadá. Os sus responsables teñen o reto de poder intervir no arquivo municipal guardés e recuperar tamén esas imaxes.

### Proxecto colectivo e interactivo

As pezas vanse colgando no seu canal de YouTube —«ás veces son moi longas e é necesario cortalas»— e actualmente contan con 400. Algunhas delas teñen acadado miles de visitas, pero non é iso o que máis lles interesa, senón a interacción. «Hai xente que di que aparece fulano ou mengano, ou que en realidade estamos errados coa data porque non se corresponde exactamente co que dicimos. Son aportacións que enriquecen moito o proxecto».

O fin último, di Chirro, é «servir de ferramenta para vertebrar a sociedade, o territorio e facer unha proxección da singularidade da Guarda que vaia máis aló».







